

1. TEMÁTICA

Esta exposición consta de dez paneis informativos que abordan a problemática das condicións laborais e sociais nas que se fai a nosa roupa. Trata de achegarnos unha visión crítica e social informándonos sobre onde e en que condicións se produce a roupa que vestimos, concienciando acerca da importancia dun consumo responsable e comprometido.

Esta exposición encádrase dentro da Campaña Roupa Limpa na que a sociedade galega xunto co resto da sociedade civil aposta por un consumo ético o cal demanda información acerca das condicións nas que se elaboran ou fabrican os produtos que consumimos.

2. COMPOSICIÓN

Nº de paneis: 10 paneis escritos en galego dunhas dimensións aproximadas de 2m de alto por 1 de ancho. Extensibles

Paneis que compoñen a exposición.

1. Os fíos soltos da nosa moda
2. As nosas pezas globais
3. O mercado arañeira
4. A maquila mancha de negro
5. Gaña todo o mundo
6. Nós mercamos
7. Campaña Roupa Limpa
8. Diante das empresas
9. Pero podemos facer máis
10. Ti e máis eu somos parte do mercado

3. INSTRUCCIÓNS PARA A MONTAXE

Péganse na súa parte traseira mediante un adhesivo e unha vez pegados suxéitanse a unha barra vertical traseira que se desmonta por pezas. Cada panel informativo recóllese na súa base para ser posteriormente gardado nos respectivos estuches. Os paneis teñen unha orde informativa.

4. DATA DE REALIZACIÓN

2006

5. AUTORES

AMARANTE / CAMPAÑA ROUPA LIMPA

6. CONDICIÓN DE PRESTAMO

Aluguer 60 €

7. FOTO PANEL

